



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Técnicas de Tradución	Código	613G03018	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es	
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel Amenedo Costa, Mónica María Barros Grela, Eduardo	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es monica.amenedo@udc.es eduardo.barros@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Estudo e práctica da tradución de textos diversos (español-inglés, inglés-español, galego-inglés, inglés-galego).			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A12	Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer as características particulares de textos de tipo diverso e resolver as dificultades de tradución que son pertinentes en cada caso.	A4		
	A5		
	A6		
	A12		
Ser capaz de situar a tradución (entendida como disciplina e tamén como práctica) dentro dun contexto cultural.	A12	B1	C3
		B6	
Ser capaz de realizar traducións directas e inversas en español, galego e inglés.	A4	B2	
	A5	B6	
	A6		
	A12		



Coñecer as peculiaridades traductolóxicas das linguas inglesa, galega e española	A4 A5 A6	B5	C1
Realizar as tarefas de maneira eficiente e nos prazos esixidos	A1	B3	C1
Participar activamente na clase	A4 A5 A6	B4	C1 C2
Ser capaz de apreciar, respetar e disfrutar da diversidade lingüística e cultural manifesta na nosa titulación		B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Tradución no ámbito dos Estudos Ingleses	I.1. Introducción ás técnicas de tradución. I.2. Tradución e interculturalidade. I.3. Técnicas e problemas de tradución ao inglés: I.4. A equivalencia transléxica. I.4.1 Equivalencia no nivel da palabra. I.4.2 Equivalencia por encima do nivel da palabra. I.4.3 Equivalencia gramatical. I.4.4. Equivalencia textual. I.4.5. Equivalencia pragmática. I.5. Tipos de textos, tipos de traducións. I.6. A tradución modernizadora e adaptadora. I.7. Evaluación e crítica de textos traducidos ao inglés.
II. A tradución no ámbito do español	II.1. A tradución especializada II.1.1. Introducción. As linguas de especialidade. Terminoloxía II.1.2. Dicionarios e repertorios. Bases de datos terminolóxicas II.2. Tradución con apoio informático II.2.1. A tradución automática e a tradución asistida por ordenador II.2.2. Ferramentas informáticas. Memorias de tradución. Corpus paralelos II.3. A tradución ao español II.3.1. Documentación para a tradución ao español II.3.2. Métodos de tradución do inglés ao español



III. A tradución no ámbito do galego	<p>III.1. A tradución literaria</p> <p>III.1.1. Cuestións preliminares e conceptos básicos</p> <p>III.1.2. Trazos constitutivos dunha tradución literaria</p> <p>III.1.3. A autotradución literaria</p> <p>III.1.4. Tradución, versión, apropiación creativa</p> <p>III.2. A tradución de textos poéticos</p> <p>III.2.1. Cuestións xerais e metodolóxicas</p> <p>III.2.2. Aspectos formais: ritmo e rima, o simbolismo fónico etc.</p> <p>III.3. A tradución ao galego</p> <p>III.4. Valoración e crítica da tradución literaria</p>
--------------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B3 B5 B6 B10	0.5	1	1.5
Sesión maxistral	A1 A12 B3 B5	30	16	46
Obradoiro	B2 B4 B6 C3	29.5	18	47.5
Lecturas	B1 B3 B6 C1 C2	0	25	25
Proba práctica	A4 A5 A6 C1 C2	1	14	15
Proba mixta	A1 A4 A5 A6 A12	3	10	13
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Na primeira sesión realizaranse varias actividades relacionadas coas linguas e coa tradución. Estas probas axudarán ao profesorado a determinar a competencia e os intereses dos estudantes en relación coa materia.
Sesión maxistral	Comezarase cada tema cunha exposición oral dos conceptos teóricos máis relevantes e as súas posibilidades de aplicación á práctica.
Obradoiro	Nos grupos medianos ou interactivos o alumnado realizará actividades diversas (prácticas guiadas e libres de tradución, individuais e en grupo, exposicións, debates, solución de problemas etc.) baixo a supervisión do profesorado.
Lecturas	Lecturas relacionadas coa tradución.
Proba práctica	Traballos dirixidos polo profesor dun xeito individualizado.
Proba mixta	Haberá unha proba final na data oficial en xuño. Nela avaliarase a competencia de cada estudante na tradución e na teoría sobre tradución.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba práctica	Ademais da supervisión directa do traballo do alumnado nas aulas nos grupos interactivos, o profesorado conta con titorías semanais, máis o contacto e mail, e anima ao alumnado a facer uso delas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A1 A4 A5 A6 A12	O exame terá CATRO partes: unha tradución ao inglés (20%), unha tradución ao galego (10%), unha tradución ao español (10%) e unhas preguntas sobre contidos teóricos ou teoría aplicada (10%). Deberase acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 en cada unha destas catro partes para aprobar o exame.	50
Obradoiro	B2 B4 B6 C3	O 25% correspondente a inglés consistirá en: 1. Unha tradución individual do español ao inglés (15%) 2. Unha tradución en grupo (de 4 a 6 persoas), no seu caso, do español ao inglés (10%), ou ben unha tradución individual. <hr/> O 12,5% consistirá en exercicios e actividades de tradución inglés-español realizados na aula e supervisados polo profesorado.	37.5
Proba práctica	A4 A5 A6 C1 C2	Unha actividade de tradución ao galego que será indicada e supervisada polo profesorado.	12.5
Outros			

Observacións avaliación



-Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma.

-Calquera falta á honorabilidade académica (e.g. plaxio, copia) suporá a descalificación automática das actividades e o suspenso da materia. (0,0)

-Tanto a asistencia como a participación significativa na aula será valorada polo profesorado.

-Na oportunidade de xullo e na convocatoria adiantada de decembro realizarase a proba mixta e entregaranse as actividades equivalentes aos obradoiros sinaladas polos profesores correspondentes, segundo quede determinado.

- Na oportunidade de xullo recuperaranse as traducións da parte de inglés correspondentes ao traballo individual e en grupo, no seu caso, mediante actividades equivalentes sinaladas polo profesorado, que se ofertarán a través da plataforma Moodle da UDC, e que haberá que entregar ao profesorado correspondente antes ou na mesma data do exame oficial.

-Na oportunidade de xullo recuperaranse as actividades e exercicios da parte de español non superadas mediante actividades equivalentes que se ofertarán a través da plataforma Moodle.

-Na oportunidade de xullo recuperarase o obradoiro (tradución ao galego) mediante unha actividade equivalente que será disponibilizada na plataforma Moodle.

-Os/As alumnos/as que non se presenten á proba mixta, en calquera convocatoria, acadarán a cualificación de NP (Non Presentado).

-Os/as estudantes matriculados/as a tempo parcial que teñan concedida a dispensa académica deberán poñerse en contacto cos profesores o antes posible para determinar as formas de avaliación en cada parte.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a segunda oportunidade.

Máis sobre os plaxios

Nesta asignatura podería empregarse a ferramenta Turnitin na avaliación dos traballos e as actividades. Atendendo ás recomendacións da Xunta de Facultade, engádese o seguinte texto que deberá ser tido en conta polos estudantes: Turnitin é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Esta ferramenta pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante. Se esta circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións na avaliación.

Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC": "Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".

Diversidade:

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneir previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Baker, Mona (). In Other Words. Routledge. - Bassnet, Susan & André Lefevere (eds.) (1995). Translation, History and Culture. London: Cassell - Berman, Antoine (2003). La prueba de lo ajeno. Cultura y traducción en la Alemania romántica. Las Palmas: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Servicio de Publicaciones - Boonefoy, Yves (2002). La traducción de Poesía. Valencia: Pre-Textos - Doce, Jordi (ed.) (2007). Poesía en Traducción. Madrid: Círculo de Bellas Artes - Gómez-Montero, Javier (ed.) (2008). Nuevas pautas de traducción literaria. Madrid: Visor Libros - Gonzalo García, Consuelo & Valentín García Yebra (eds.) (2004). Manual de documentación y terminología para la traducción especializada. Madrid: Arco Libros - Mott, Brian & Marta Mateo (2009). Diccionario-guía de traducción español-inglés, inglés-español. Barcelona: Universitat de Barcelona - Ricoeur, Paul (2005). Sobre la traducción. Barcelona: Paidós - Valesio, Paolo & Rafael-Jose Díaz (Eds.) (1996). Literatura y traducción. Santa Cruz de Tenerife: U.I.M.P. - Vidal Claramonte, María del Carmen África (1995). Traducción, manipulación, desconstrucción. Salamanca: Colegio de España - García Palacios, Joaquín & M.ª Teresa Fuentes Morán (eds.) (2002). Texto, terminología y traducción. Salamanca: Almar <p>Outras fontes de información:Ávila, Alejandro. La censura del doblaje cinematográfico en España. Barcelona: CIMS, 1998.Bernal Merino, Miguel Ángel. La traducción audiovisual: análisis práctico de la traducción para los medios audiovisuales e introducción a la teoría de la traducción filológica. Alicante: Universidad de Alicante, 2002.Marsset Mabel, Richard. La alegría de transformar: teorías de la traducción y teoría del doblaje audiovisual. Valencia: Tirant Lo Blanch, 2009.Martí Ferriol, José Luis y Ana Muñoz Miguel. Estudios de traducción e interpretación. Entornos de especialidad. Vol II. Valencia: universidad Jaume I, 2012.Merino, Raquel et al, eds. Trasvases culturales: literatura, cine, traducción. Pajares: Universidad del País Vasco, 2005.VV.AA. Traducción para el doblaje y la subtitulación. Madrid: Cátedra, 2001.Ao longo do curso utilizarase a plataforma Moodle para distribuir materiais diversos. Outros libros e artigos relevantes poden ser indicados polo profesor.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías